

VertixeVIGO

concertos e actividades de música contemporánea



www.vertixevigo.net

Promove: Concello De Vigo
Realiza: Vertixe Sonora e Instituto Galego de Sonoloxía
Organiza e produce: Musicadhoy
Patrocina: Museo de Arte Contemporáneo de Vigo, Facultade de Belas Artes de Pontevedra e Universidade de Vigo
Colabora: COAG, Espacio Sirvent, Galería Lilliput – Librería Versus, Galería Adhoc, Galería Javier Teniente, Alg-a, Liceo Mutante.

Máis información en: www.vertixevigo.net
Contacto prensa: info@vertixesonora.net

**Todos os concertos son de balde.
Entrada libre ata completar capacidade.**

Presentación

vertixeVIGO´13 é un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.

Agrupada en diferentes bloques a programación abrangue concertos de música contemporánea, música electrónica, música improvisada, instalacións sonoras, obradoiros especializados, cursos de achegamento ó sonoro, actividades de dinamización para os máis xóvenes, etc.

Serve de plataforma de presentación ós novos creadores internacionais e permite establecer vínculos culturais que reforcen a nosa identidade nun marco globalizado, dando mostra en tempo real da rica diversidade que está a renovar o discurso das artes sonoras na nosa época e na que VertixeVIGO quere desempeñar un activo protagonismo.

Organizada por Vertixe Sonora, un dos colectivos máis destacados na súa aposta pola música contemporánea e polo diálogo e a confluencia entre a música e as artes, conta coa colaboración de diversas institucións culturais da cidade e a inqueda de patrocinadores privados que comparten un compromiso por establecer sinerxias de financiamento que permitan ofrecer contidos culturais de calidade cun aproveitamento máximo dos recursos económicos.

Promovido pola Concellería de Industria, Turismo, Cultura e Festas, VertixeVIGO responde así á necesidade de construír novas experiencias destinadas ao público xeral e ó mesmo tempo propoñer alternativas culturais cun valor engadido para unha cidade identificada dende sempre coa vangarda cultural en Galicia.

Bloque 1. novos medios

MDMME (GZ) + Ángel Faraldo (GZ) + Hugo Morales (MX)
Venres 4 de outubro, 21:00 h. - Laboratorio Alg-A

Carlos Suárez + Miguel Negrão
Venres 18 de outubro, 21:00 h. - MARCO

Ulobit (GZ) + kanukananina (PT)
Venres 1 de novembro, 21:00 h. - MARCO

~~Kulunka~~

Instalación multisensorial de Yolanda Uriz
Do luns 18 ao venres 22 de novembro
Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Casa das Campás



Neste apartado presentamos unha mostra dos distintos enfoques que ofrece a aplicación de variables tecnolóxicas e o contacto cos novos medios.

Hugo Morales induce propiedades acústicas ós instrumentos tradicionais a través da alteración física, as técnicas extendidas e as novas tecnoloxías.

Negrão é especialista en especialización e artista de música drone baixo o pseudónimo ZLB. Pola súa banda **Miguel Pipa**, leva anos explorando técnicas de DIY (do it yourself) e circuit bending, nos que desenvolveu unha particular maneira de achercarse ó "*obxeto electrónico atopado*" ó que dota dunha grande forza



estética. Por último **Yolanda Uriz**, artista multimedia que traballa nos intersticios da percepción, proponnos experiencias inmersivas nas que co auxilio da tecnoloxía fainos tomar conciencia de materias que pasan desapercibidas, de cómo experimentamos o mundo e o arte, cunha alta dose de sinestesia.

+info e enlace artistas:

www.hugomorales.org

www.friendlyvirus.org/miguelnegrao/

www.miguelpipafilipe.wordpress.com

www.yolandauriz.info

Bloque 2. caixa acústica

A cidade convertida nunha caixa acústica natural onde se exploran novas formas de concerto fóra dos recintos habituais.

Invádese o espazo público e a música do noso tempo, integrada na cotidianidade, pode interpelarnos sen intermediarios, expresando unha curiosa relación entre arte e contexto que enriquece a experiencia dos usuarios con contidos inusuais de alta cultura.

Unha ocupación sonora total que dinamiza amplos sectores culturais da cidade para que colaboren nun proxecto común, ofrecendo un contacto cos intérpretes e coa música diferente, máis cercano, máis íntimo, máis personal en intervencións de pequeno formato.



PROGRAMACIÓN CAIXA ACÚSTICA

MARINA POLEUKHINA *and add to the neon elk a pinch of tarragon*

concerto INAUGURAL

Vertixe Sonora Ensemble + trasPediante DANZA
Mércores 2 de outubro, 20:30 h. Espacio SIRVENT

ESAIAS JÄRNEGARD *Nattarbette*

Diego Ventoso, percusión
Venres 25 de outubro 20:30 h. - Galería Adhoc

STEVE REICH *counterpoint*

Xocas Meijide, clarinete baixo
Xoves 30 outubro 20:30 Librería Versus - Lilliput Galería

BEN HACKBARTH *Open END*

Diego Ventoso, percusión
Venres 8 de Novembro 20:00 h. - Galería Javier Teniente

CONTINUUM

Alessandra Rombolà, frautas e obxetos cerámicos
Venres 15 de Novembro 21:00 h. - Liceo Mutante (Pontevedra)

INTERVENCIÓNS NO CAMPUS DE VIGO

Universidade de Vigo

E ALGUNHAS SORPRESAS MÁIS...

Bloque 3. programación de sala

SMASH Ensemble - BRUISSANT DIVISÉ
14 de novembro 20:30 h. - COAG

Vertixe Sonora Ensemble: DURBAN **concerto FINAL**
sábado 30 de novembro 21:00 h. - Auditorio Martín Códax (Conservatorio Superior de
Música de Vigo)



SMASH
ensemble

O SMASH ENSEMBLE consolidouse en moi poucos anos como unha das agrupacións máis sólidas do panorama europeo. Baixo a imaxinativa dirección artística de Bertrán Chavarría, ofrecen unha programación equilibrada, caracterizada polo esmero das súas producións e unha extraordinaria calidade interpretativa. Podemos congratularnos de poder escoitalos por primeira vez en Galicia.


Durban foi estreado no festival Son en Madrid co patrocinio de musicadhoy. Tratábase dunha proposta de VERTIXE SONORA concebida especificamente para a *Casa de las alhajas* da Fundación Caja Madrid. Hoxe presentamos eiquí unha reformulación daquel proxecto no que se reflexiona sobre arte, cidadanía e espazo público a partires dunha instalación visual de Isaac Pérez Vicente.



vertixe sonora
ensemble

Bloque 4. formación e dinamización

**obradoiros do instituto galego de sonoloxía
curso aguzar o oído marco de vigo
obradoiro de improvisación escola música de vigo
intevencións en primaria e secundaria**



Eixo fundamental de VERTixeVIGO ofrece unha oportunidade única para bucear nos contextos que fundamentan a creación musical.

Foron concebidos para cubrir as necesidades de públicos ben diferenciados así que poderás atopar dende cursos especializados para artistas sonoros ata propostas de achegamento á música contemporánea para unha primeira e informal toma de contacto coas novas propostas, relatorios de divulgación e incluso a posibilidade de participar en agrupacións instrumentais sen coñecementos previos de música.

Ademáis de propostas de dinamización para alumnos de secundaria e primaria dos centros da provincia.

obradoiros do instituto galego de sonoloxía

Sábados 11:00-14:30 // 17:00-21:00 – Domingos 11:00-14:30

Información e inscricións
institutogalegodesonoloxia@gmail.com

Laboratorio de experimentación instrumental – Hugo Morales (MX)

Mércores 2 a venres 4 de outubro Alg-A Laboratorio

Introdución a SuperCollider – Miguel Negrão (PT)

Sábado 19 e domingo 20 de outubro MARCO

Obradoiro de Circuit Bending – Miguel Pipa (PT) MARCO

Sábado 2 e domingo 3 de novembro MARCO

Laboratorio de sinestesia e multisensorialidade - Yolanda Uriz (ES)

mércores 13 a venres 15 de novembro de 17.00 a 21.00h. Casa Galega da Cultura



curso AGUZAR O OÍDO

23 claves de escoita para entender a modernidade

Emilio Lede (ES), relator principal

Todos os mércores a partir do 16 de outubro de 20:00 a 21:00 MARCO

Información e inscricións
info@marcovigo.com



obradoiro de improvisación escola música de vigo

Obradoiro de improvisación con Alessandra Rombolà (IT)

Xoves 14 novembro 16:00 a 18.00 e 15 de novembro de 16.00 a 20.00

Escola de Música de Vigo

Información e inscricións: info@vertixesonora.net

Concerto CEIPs da comarca


Sábado 30 de novembro 20.30h Auditorio Martín Códax

coordinan: Iria Martínez (CEIP A Doblada), Roi Rodríguez (CEIP Illas Cíes)

Juanca Vázquez (CEIP Plurilingüe Ría de Vigo)

dirixe: Deli Rial





VERTIXE SONORA ENSEMBLE é un dos colectivos máis destacados na súa aposta pola nova música contemporánea dentro da península e pola súa divulgación entre públicos amplos. Desde hai dous anos Vertixe Sonora leva a cabo dentro do país un traballo en dobre dirección: por unha banda, ofrécelles aos compositores novos unha plataforma para desenvolver os seus proxectos; e, por outra, crea e procura a fidelización de novas audiencias para a música contemporánea. En Vertixe Sonora, colaborador habitual do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) en Santiago de Compostela, conflúen artistas sonoros e plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xentes do teatro e da danza.

Vertixe Sonora funciona como unha plataforma para a creación contemporánea musical internacional, estreando en Galicia obras de compositores de todo o mundo. Asume o seu traballo desde unha perspectiva global, procurando a interrelación co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía, coa arte, "desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural que favoreza un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda".



Creado no 2010, o Instituto Galego de Sonoloxía é unha plataforma para a experimentación sonora con vocación de desenvolver proxectos interdisciplinares e promocionar colaboracións internacionais que aúnen arte e novos medios e que participen activamente nun desenvolvemento racional e significativo da tecnoloxía do futuro. Dende unha aproximación sensible ás diversas manifestacións da arte sonora, investiga, produce e difunde toda sorte propostas centradas no son, en ocasións coa complicitade de Universidades e Centros de Creación Artística de Galicia, nunha perspectiva multidisciplinar que actualiza o constante fluxo de información dunhas sociedades tecnolóxicas en constante proceso de cambio.

**musicadhoy**

Musicadhoy desembarca en Vigo para desenvolver **vertixeVIGO '13** un proxecto que quere integrar á cidade nunha rede de intercambio e difusión que favoreza o encontro dos pobos europeos a través da nova música. Membro de Réseau Varèse (rede europea para a difusión da música contemporánea) e da Rede ENPARTS (rede europea de artes escénicas) musicadhoy foi desde a súa creación en 1996 un permanente revulsivo na sociedade musical española. Creu e apostou pola Nova Xeración de Compositores Españóis, contribuíndo a situala en primeira liña internacional. Apoiou apaixonadamente a difusión da súa música, encargando obras, producindo óperas, colaborando na edición de discos e promovendo tamén o nacemento dunha nova xeración de intérpretes españois ao máis alto nivel.

Musicadhoy presentou por primeira vez en España máis de 300 obras fundamentais dos séculos XX e XXI, promovendo multitude de ciclos e festivais, coproducindo constantemente cos máis importantes centros, teatros e festivais internacionais, converténdose nunha referencia decisiva para os novos artistas e fomentando un público novo ao cal ensinou a vivir intensamente a mellor música do seu tempo. Así mesmo presentou en Madrid a moitos dos compositores máis importantes do século XX: Karlheinz Stockhausen, Olivier Messiaen, Helmut Lachenmann, Alvin Lucier, Salvatore Sciarrino, Brian Ferneyhough, Beat Furrer, György Ligeti, György Kurtág... que non só

VertixeVIGO

programa de concertos e actividades de música contemporánea

deron concertos, senón que traballaron con músicos españois, impartindo conferencias, clases maxistras e o que é fundamental establecendo un contacto directo co público.

contacto prensa: info@vertixesonora.net

Promove:



Vivimos nunha cidade fermosa

Organiza e produce:



Realizan:

vertixe sonora
ensemble



Patrocinan:

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO



Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

Colaboran:

adhoc
galería



Jt
JAVIER Teniente
PHOTOGALLERY

